

ACTA NÚM. 12/2023.

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 11 DE OUTUBRO DE 2023.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 11 de outubro de 2023, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde PABLO LAGO SANMARTÍN, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:
PABLO LAGO SANMARTÍN.(PSG-PSOE).

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

-. PSG-PSOE:
SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.
CARLOS NOYA PEREIRA.
MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.
JOSÉ ANTONIO VIDAL GONZÁLEZ.
MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ.

-. PP:
ADRIÁN GARCÍA GARCÍA.
MARÍA FARIÑA BELLÓN.
WALDO CARBALLO GARCÍA.
TRINIDAD YOLANDA RICO RODRÍGUEZ.

-. BNG:
XOSÉ LUIS PENAS CORRAL.
TERESA A. ANDRADE CARRILLO.

Non asisten:
FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA.

Secretario: Javier Nieves González, secretario do Concello.

Asiste a interventora do Concello Ana Isabel Candame Areosa.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 13.09.2023.

2º) APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO ORZAMENTO DE 2022.

3º) DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DE APROBACIÓN DAS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO 2024.

4º) PROPOSTA DA ALCALDÍA REFERENTE Á APROBACIÓN DA ESTRUCTURA DE CUSTES DO CONTRATO DE CONCESIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE NO CONCELLO.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 13.09.2023.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo a acta da sesión anterior núm. 11/2023, do 13.09.2023.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos doce membros presentes acorda aprobala.

2º) APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO ORZAMENTO DE 2022.

Dada conta da proposta da alcaldía do 06.10.2023, que transcrita di:

Formulada e rendida a conta xeral do orzamento do Concello de 2022, e ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas en sesión de data 11 de setembro de 2023, sometida a exposición pública durante o prazo de quince días hábiles consonte co art. 212 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, mediante anuncio no BOP núm. 175, do 13 de setembro de 2023 e no taboleiro de edictos do Concello, e non presentándose durante dito prazo ningunha reclamación, reparo ou observación, segundo certificación de secretaría que consta no expediente, propónse a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar a conta xeral do orzamento do Concello de 2022.

2º) Consonte co art. 212 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, render a conta xeral para a fiscalización externa ao Consello de Contas de Galicia, ao abeiro do disposto na resolución do Consello de Contas de Galicia do 1 de xuño de 2016, pola que se ordena a publicación do acordo do Pleno do 31 de maio de 2016, polo que se aproba a Instrución que regula o formato normalizado da conta xeral das entidades locais de Galicia en soporte informático e o procedemento telemático para a súa rendición (DOG do 14.06.2016), modificada por resolución do 10 de marzo de 2020, pola que se ordena a publicación do acordo do Pleno do Consello de Contas de Galicia, do 6 de marzo de 2020, polo que se modifica o disposto no acordo do Pleno do 31 de maio de 2016, polo que se aproba a Instrución que regula o formato normalizado da conta xeral das entidades locais de Galicia en soporte informático e o procedemento telemático para a súa rendición (DOG do 18.03.2020), debendo remitirse a mesma por intervención.

Debate:

O Sr. Concelleiro García García sinala que imos abstermos, en primeiro lugar polas valoracións feitas pola propia interventora da mala práctica do contrato menor, posto que non se cumpre a normativa nin por tempo, nin polo importe, e que son servizos que teñen que pagarse que incumpren o principio de anualidade orzamentaria, por mor da teoría do enriquecemento inxusto; esta conta non é correcta pola abuso que se fai da figura do contrato menor e ademais gastase sen falar cos partidos da oposición a pesar do contexto político distinto que hai logo das eleccións locais, non hai previsión das oportunas propostas de gasto; en segundo lugar pola inexistencia dun plan estratéxico de gasto e en terceiro lugar pola total improvisación.

Engade o Sr. Concelleiro que vostede Sr. Alcalde segue de forma unilateral, fale con nós para poñermos de acordo en cales son as necesidades reais do Concello.

A Sr^a. Interventora, de orde do Sr. Alcalde, sinala que supoño que se refire vostede aos tres reparos que constan no expediente e que se refiren ao mesmo, non á conta xeral.

O Sr. Concelleiro García García sinala que vemos que hai un abuso do contrato menor.

O Sr. Alcalde sinala que os contratos menores non están prohibidos pola lei, e se vostede cre que son ilegais pode ir aos tribunais, engadindo que fanse moitas veces por urxencia ou por necesidades que vemos no día a día, pero tamén entendemos iso que dixo de falar para ver as necesidades do Concello.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que nós imos votar a favor, que o contrato menor é un mecanismo legal e necesario, agora ben, debe empregarse adecuadamente, porque se se abusa del convertese en algo caciquil, e solicitamos que se pode ser, non se abuse do contrato menor, aínda que sabemos pola práctica diaria que é un mal menor necesario e por iso recibimos críticas na Deputación.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 8, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 4, pertencentes ao grupo municipal do PP (4).

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

3º) DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DE APROBACIÓN DAS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO 2024.

Dada conta do decreto da alcaldía do 14.09.2023, sobre liñas fundamentais do orzamento 2024, que transcrito di:

A Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, establece no seu artigo 15 a obrigación de remitir información sobre as liñas fundamentais dos Orzamentos para o exercicio seguinte, recollidas no artigo 27.2 da Lei Orgánica 2/2012, contendo toda a información necesaria conforme á normativa europea.

A remisión, conforme ao artigo 5 da Orde HAP/2105/2012, debe efectuarse por medios electrónicos e mediante firma electrónica a través do sistema que o Ministerio de Facenda e Función Pública (MINFAFP) habilite ao efecto.

Por todo o exposto e en uso das competencias establecidas no artigo 21.1s) da Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora de Bases de Réxime Local RESOLVO:

Primeiro: Aprobar as liñas fundamentais do orzamento para 2024 en cumprimento da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira:

INGRESOS	Ano 2023 (Estimación dos dereitos recoñecidos netos)	% Taxa de variación 2024/2023	Ano 2024 (Estimación das previsións iniciais)
Ingresos Correntes	6.957.516,81	1,76	7.080.214,18
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	6.957.516,81	1,76	7.080.214,18
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00	0,00	0,00
Medida 1: Subidas tributarias, supresión de exencións e bonificacións voluntarias	0,00	0,00	0,00
Medida 2: Potenciar a inspección tributaria para descubrir feitos imponibles non gravados	0,00	0,00	0,00
Medida 3: Correcta financiación de taxas e prezos públicos	0,00	0,00	0,00
Medida 4: Outras medidas polo lado dos ingresos	0,00	0,00	0,00
Ingresos de Capital	343.480,24	2,00	350.349,89
- Derivados de evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	343.480,24	2,00	350.349,89

políticas)			
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00	0,00	0,00
Ingresos no financeiros	7.300.997,05	1,77	7.430.564,07
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	7.300.997,05	1,77	7.430.564,07
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00	0,00	0,00
Ingresos financeiros	24.000,00	0,00	24.000,00
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	24.000,00	0,00	24.000,00
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00	0,00	0,00
Ingresos totales	7.324.997,05	1,77	7.454.564,07
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	7.324.997,05	1,77	7.454.564,07
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00	0,00	0,00

A) DETALLE DOS INGRESOS CORRENTES	Ano 2023 (Estimación dos dereitos recoñecidos netos)	% Taxa de variación 2024/2023	Ano 2024 (Estimación das previsións iniciais)
Capítulo 1 e 2: Impostos directos e indirectos	2.307.999,01	2,00	2.354.158,99
Imposto sobre Bens Inmóbles	1.746.188,54	2,00	1.781.112,31
Imposto sobre Actividades Económicas	61.385,04	2,00	62.612,74
Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica	327.811,03	2,00	334.367,25
Imposto sobre Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana	59.453,58	2,00	60.642,65
Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras	113.160,82	2,00	115.424,04
Cesión de impostos do Estado	0,00	0,00	0,00
Ingresos do capítulo 1 e 2 non incluídos	0,00	0,00	0,00
Capítulo 3: Taxas, prezos públicos e outros ingresos	1.376.549,15	2,00	1.404.080,13
Capítulo 4: Transferencias Correntes	3.270.728,59	1,50	3.319.735,00
Participación nos Tributos do Estado	1.749.573,66	2,00	1.784.565,13
Resto de Transferencias Correntes (resto Capítulo 4)	1.521.154,93	0,92	1.535.169,87
Capítulo 5: Ingresos Patrimoniais	2.240,06	0,00	2.240,06
TOTAL DE INGRESOS CORRENTES	6.957.516,81	1,76	7.080.214,18

B) DETALLE DE INGRESOS DE CAPITAL	Ano 2023 (Estimación dos dereitos recoñecidos netos)	% Taxa de variación 2024/2023	Ano 2024 (Estimación das previsións iniciais)
Capítulo 6: Alleamento de investimentos	0,00	0,00	0,00
Capítulo 7: Transferencias de Capital	343.480,24	2,00	350.349,89
TOTAL DE INGRESOS DE CAPITAL	343.480,24	2,00	350.349,89

C) DETALLE DE INGRESOS FINANCIEROS	Ano 2023 (Estimación dos dereitos recoñecidos netos)	% Taxa de variación 2024/2023	Ano 2024 (Estimación das previsións iniciais)
Capítulo 8: Ingresos por Activos Financeiros	24.000,00	0,00	24.000,00
Capítulo 9: Ingresos por Pasivos Financeiros	0,00	0,00	0,00
TOTAL DE INGRESOS FINANCIEROS	24.000,00	0,00	24.000,00

GASTOS	Ano 2023 (Estimación das obrigas recoñecidas netas)	% Taxa de variación 2024/2023	Ano 2024 (Estimación dos créditos iniciais)
Gastos Correntes	6.614.929,93	1,75	6.730.775,81
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	6.614.929,93	1,75	6.730.775,81
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00	0,00	0,00
Medida 1: Redución de costes de persoal	0,00	0,00	0,00
Medida 2: Regulación do réxime laboral e retributivo [...]	0,00	0,00	0,00
Medida 3: Limitación de salarios nos contratos mercantís ou de alta dirección	0,00	0,00	0,00

Medida 4: Redución do número de Conselleiros da Administración	0,00	0,00	0,00
Medida 5: Regulación de cláusulas indemnizatorias de acordo a la reforma en proceso	0,00	0,00	0,00
Medida 6: Redución do número de persoal de confianza	0,00	0,00	0,00
Medida 7: Contratos externalizados	0,00	0,00	0,00
Medida 8: Disolución das empresas que presentan pérdidas	0,00	0,00	0,00
Medida 9: Realizar un estudo de viabilidade e análise de coste/beneficio	0,00	0,00	0,00
Medida 10: Redución da celebración de contratos menores	0,00	0,00	0,00
Medida 11: Redución das cargas administrativas para os cidadáns	0,00	0,00	0,00
Medida 12: Modificación da organización da Corporación Local	0,00	0,00	0,00
Medida 13: Redución da estrutura organizativa da Entidade Local	0,00	0,00	0,00
Medida 14: Redución na prestación de servizos de tipo non obrigatorio	0,00	0,00	0,00
Medida 15: Outras medidas polo lado dos gastos	0,00	0,00	0,00
Gastos de Capital	686.067,12	-1,05	678.853,61
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	686.067,12	-1,05	678.853,61
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00	0,00	0,00
Medida 16: Non execución de inversións previstas inicialmente	0,00	0,00	0,00
Medida 17: Outras medidas polo lado dos gastos de capital	0,00	0,00	0,00
	7.300.997,05	1,49	7.409.629,22
Gastos non financeiros			
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	7.300.997,05	1,49	7.409.629,22
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00	0,00	0,00
	24.000,00	0,00	24.000,00
Gastos financeiros			
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	24.000,00	0,00	24.000,00
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00	0,00	0,00
	7.324.997,05	1,48	7.433.629,22
Gastos totais			
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	7.324.997,05	1,48	7.433.629,22
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00	0,00	0,00

A) DETALLE DOS GASTOS CORRENTES	Ano 2023 (Estimación das obrigas recoñecidas netas)	% Taxa de variación 2024/2023	Ano 2024 (Estimación dos créditos iniciais)
Capítulo 1: Gastos de Persoal	2.880.965,42	2,50	2.952.989,56
Capítulo 2: Gastos correntes en bens e servizos	3.085.774,54	1,00	3.166.632,29
Capítulo 3: Gastos financeiros	9.100,00	2,00	9.282,00
Capítulo 4: Transferencias Correntes	639.089,97	2,00	651.871,78
Capítulo 5: Fondo de Continxencia	0,00	0,00	0,00
TOTAL DE GASTOS CORRENTES	6.614.929,93	1,75	6.730.775,61

B) DETALLE DE GASTOS DE CAPITAL	Ano 2023 (Estimación das obrigas recoñecidas netas)	% Taxa de variación 2024/2023	Ano 2024 (Estimación dos créditos iniciais)
Capítulo 6: Inversións Reais	686.067,12	-1,05	678.853,61
Capítulo 7: Transferencias de Capital	0,00	0,00	0,00
TOTAL DE GASTOS DE CAPITAL	686.067,12	-1,05	678.853,61

C) DETALLE DE GASTOS FINANCIEROS	Ano 2023 (Estimación das obrigas recoñecidas netas)	% Taxa de variación 2024/2023	Ano 2024 (Estimación dos créditos iniciais)
Capítulo 8: Gastos por Activos Financeiros	24.000,00	0,00	24.000,00

Aportacións patrimoniais	0,00	0,00	0,00
Outros gastos en activos financeiros	24.000,00	0,00	24.000,00
Capítulo 9: Gastos por Pasivos Financeiros	0,00	0,00	0,00
TOTAL DE GASTOS FINANCIEROS	24.000,00	0,00	24.000,00

SALDOS E OUTRAS MAGNITUDES	Ano 2023	% Taxa de variación 2024/2023	Ano 2024
Saldo de Operacións correntes	342.586,88		349.438,57
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	342.586,88		349.438,57
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00		0,00
Saldo de Operacións de capital	- 342.586,88		- 328.503,72
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	- 342.586,88		- 328.503,72
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00		0,00
Saldo de Operacións no financeiras	0,00		20.934,85
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	0,00		20.934,85
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00		0,00
Saldo de Operacións financeiras	0,00		0,00
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	0,00		0,00
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00		0,00
Saldo operacións non financeiras	0,00		20.934,85
(+/-) Axustes para o cálculo da capacidade ou necesidade de financiación. SEC-2010	0,00		0,00
Capacidade ou necesidade de financiación	0,00		20.934,85
Deuda viva a 31/12	638.455,66	0,00	638.455,66
- A curto prazo	0,00	0,00	0,00
- A longo prazo	638.455,66	0,00	638.455,66
Ratio de Deuda viva/ Ingresos Correntes	0,09	0,00	0,09

Pasivos contixentes	ANO 2023 (Estimación das obrigas recoñecidas netas)			Taxa de variación 2024/2023	ANO 2024 (Estimación dos Créditos iniciais)		
	Non Incluídos no orçamento	Incluídos no orçamento	Total		Non Incluídos no orzamento	Incluídos no orçamento	Total
Avaes concedidos	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Préstamos morosos	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Garantías	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Por sentencias- expropiacións	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Otros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

Préstamos morosos	2023	2024
Saldo vivo (sin deducir deterioros) de los préstamos concedidos pendientes de amortizar (*) a 31/12 por:	0,00	0,00
Administración General de la Corporación Local	0,00	0,00
Organismos Públicos de la Corporación Local, clasificados en	0,00	0,00
Resto de entidades controladas por la Corporación Local, clasificadas en S.1313	0,00	0,00
TOTAL SALDO VIVO DE PRÉSTAMOS CONCEDIDOS:	0,00	0,00
Desglose del dato anterior (saldo vivo) correspondiente a los importes en situación de mora (*):	0,00	0,00
Administración General de la Corporación Local	0,00	0,00
Organismos Públicos de la Corporación Local, clasificados en	0,00	0,00
Resto de entidades controladas por la Corporación Local, clasificadas en S.1313	0,00	0,00
TOTAL IMPORTES DE PRÉSTAMOS EN SITUACIÓN DE MORA:	0,00	0,00

(*) se refire a importes de préstamos concedidos a entidades que no consolidan dentro del Sector Administraciones Públicas, definido de acuerdo al SEC.

Segundo: Remitir conforme á Orde HAP/2105/2012, por medios electrónicos e mediante firma electrónica a través do sistema que o Ministerio de Facenda e Función Pública (MINFAFP) os datos correspondentes de acordo cos formularios establecidos ó efecto.

Terceiro: Dar conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre ó efecto.

O Pleno toma coñecemento.

4º) PROPOSTA DA ALCALDÍA REFERENTE Á APROBACIÓN DA ESTRUCTURA DE CUSTES DO CONTRATO DE CONCESIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE NO CONCELLO.

Dada conta da proposta da alcaldía do 03.10.2023, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 10.10.2023, que transcrita di:

Antecedentes:

1. Resultando que o contrato se abastecemento de auga potable do Concello se atopa na actualidade rematado, téndose acordado polo Pleno en sesión do 09.08.2023 a continuidade de prestación dos servizos derivados do contrato de xestión do servizo público domiciliario de auga potable a Brión, por parte da empresa Espina & Delfín S.L., nos mesmos termos que foron pactados mediante o contrato inicial, polo tempo imprescindible para a realización da adxudicación dun novo contrato ou, no seu caso, establecemento dunha nova forma de xestión do servizo público.

2. Resultando que por decreto desta alcaldía do 09.11.2022 contratouse á empresa Into Consulting S.L. o servizo de: Servizo de asistencia técnica integral para a confección de toda a documentación técnica e económica necesaria, que haberá de servir de base á licitación da xestión do ciclo integral da auga (concesión do servizo de xestión de auga potable), así como asistencia á mesa de contratación durante todo o proceso.

3. Resultando que a mencionada empresa presentou con data 16.08.2023 (registro de entrada 202399900001150) a seguinte documentación:

- Proposta de estrutura de custes con Anexo Rev1.
- Fórmula de revisión de prezos 12-08-23 con Anexo.
- Estudo de viabilidade R1.

Fundamentos de dereito:

A Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española, establece un novo réxime de actualización de valores monetarios.

O Real Decreto 55/2017, do 3 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española, en adiante RD 55/2017, ten por obxecto o desenvolvemento regulamentario da Lei 2/2015, do 30 de marzo, no que se refire ás revisións de valores monetarios motivadas por variacións de custos, dentro da habilitación disposta nos artigos 4 e 5 desta lei. Enmárcase así mesmo na habilitación outorgada polo artigo 103 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

No Real Decreto 55/2017, que persegue actuar contra os prexuízos asociados ao uso indiscriminado da indexación vinculada a un IPC, táxanse as excepcións nas que permiten as

revisións periódicas e predeterminadas e establécense os requisitos que han de cumprirse para estes casos. Excepcionalmente, permítese a posibilidade de indexación nos casos en que este mecanismo sexa necesario e eficiente, é dicir, sempre que esta revisión reflicta, da forma máis adecuada posible, a evolución dos custos da actividade da que se trate.

Segundo o artigo 9.1 do Real Decreto 55/2017, “Os prezos contidos nos contratos do sector público aos que lles é de aplicación a Lei 9/2017, do 8 de novembro (LCSP) distintos aos contratos de obras e aos contratos de subministración de fabricación de armamento e equipamento das Administracións Públicas, só poderán ser obxecto de revisión periódica e determinada”.

O apartado segundo do citado artigo establece que “Procederá a revisión periódica e predeterminada dos devanditos prezos, transcorridos dous anos desde a formalización do contrato e executado polo menos o 20 por cento do seu importe, cando concorran acumulativamente as seguintes circunstancias:

a) Que o período de recuperación do investimento do contrato sexa igual ou superior a cinco anos, xustificado conforme o criterio establecido no artigo 10.

b) Que así estea previsto nos pregos, que deberán detallar a fórmula de revisión aplicable.”

O expediente de contratación da concesión do servizo público de abastecemento de auga do Concello de Brión enmárcase no primeiro dos requisitos, ao ser o prazo de recuperación do investimento superior a cinco anos. Con obxecto de dar cumprimento ao segundo requisito, a fórmula de revisión aplicable incluírase nos pregos nos termos establecidos polo artigo 9 do Real Decreto.

Para tramitar o sistema de revisión periódica e predeterminada das tarifas do contrato, requírese como paso previo, que o órgano de contratación aprobe a estrutura de custos do contrato. No apartado 7, do artigo 9, do RD 55/2017, detállanse os pasos para seguir para a tramitación da aprobación da estrutura de custos da actividade. En concreto, o artigo 9 detalla o seguinte:

“Para os contratos cun prezo igual ou superior a cinco millóns de euros, o órgano de contratación incluírá no expediente de contratación un informe preceptivo valorativo da estrutura de custos, emitido polo Comité Superior de Prezos de Contratos do Estado. A tal efectos, o órgano de contratación deberá:

a) Solicitar a cinco operadores económicos do sector a remisión da súa estrutura de custos.

b) Elaborar unha proposta de estrutura de custos da actividade. Para iso utilizará, sempre que sexa posible, a información das respostas que reciba dos operadores económicos mencionados na letra anterior.

c) Someter a súa proposta de estrutura de custos a un trámite de información pública por un prazo de 20 días. No caso de que se presenten alegacións no devandito trámite, o órgano de contratación deberá valorar a súa aceptación ou rexeitamento de forma motivada na memoria.

d) Remitir a súa proposta de estrutura de custos ao Comité Superior de Prezos de Contratos do Estado.

Por todo o anterior, propónse ao Pleno do Concello, a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar a proposta de estrutura de custos elaborada por Into Consulting S.L. asinada con data 12 de agosto de 2023, conforme ao establecido no artigo 9 do Real Decreto 55/2017, do 3 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española.

2º) Someter a información pública a proposta de estrutura de custos por un prazo de 20 días.

3º) Remitir a proposta de estrutura de custos para o seu informe, á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de Galicia.

Debate:

O Sr. Concelleiro García García sinala que ímonos abster, engadindo que por fin temos o informe desa consultora, e congratulámonos de que o equipo de goberno fixera caso ao noso grupo, que o solicitara, para que se puxera as pilas para que a consultora presentara esa documentación.

Temos as seguintes preguntas: Vai haber mellora do servizo?. Vai haber incremento do prezo?. Como se vai verificar o incremento do prezo?. Como se vai controlar?

O Sr. Alcalde sinala que ás preguntas se lle contestará por escrito no seguinte pleno.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 8, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 4, pertencentes ao grupo municipal do PP (4).

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e trinta minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González